

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 14 DE XULLO DE 2008.**

### **ASISTENTES:**

#### **ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **CONCELLEIROS:**

D. José M. Balseiro Canoura

D<sup>a</sup>. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

D. Jaime Pernas Rodríguez

#### **INTERVENTORA:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día 14 de xullo de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓNS ANTERIORES DE 12 DE MAIO DE 2008 E 9 DE XUÑO DE 2008.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular os borradores das actas plenarias de 12 de maio de 2008 e 9

de xuño de 2008.

Polo Sr. Fernández Bouza Manifestase que no punto 2 da orde do día da sesión plenaria de 12 de maio de 2008, polo que se aprobou definitivamente a Conta Xeral correspondente ó exercicio de 2007, no borrador da acta da sesión reflíctese que dita Conta Xeral foi aprobada por unanimidade dos membros da Corporación Municipal, cando o voto do Sr. Bouza foi de abstención.

Polo Secretario Municipal manifestase que na minuta da sesión, figura recolleu o voto unánime da Corporación, engadindo que non obstante ó anterior, e posible que puidera terse confundido, razón pola cal, a Corporación Municipal pode vota-la rectificación proposta polo Sr. Fernández Bouza, xa que dita rectificación non modifica o fondo do acordo adoptado.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ó abeiro do disposto no Art. 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro; rectifica-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 12 de maio de 2008, no sentido de que a aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ó exercicio de 2007, foi aprobada polos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, Meitín Guerreiro, González Álvarez, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage e Ben Fernández, absténdose o Sr. Fernández Bouza.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-los borradores das actas plenarias de 12 de maio de 2008( coa rectificación transcrita) e 9 de xuño de 2008.

### **2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A ADHESIÓN DO CONCELLO DE XOVE Ó CONVENIO MARCO PARA A IMPLANTACIÓN DA REDE 060. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse lectura á Proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA.-**

*D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove.*

VISTA a documentación remitida pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza relativa o Convenio Marco de colaboración formalizado entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación do programa Rede 060 que ven substituír ao antigo Convenio Marco de Ventanilla Única.

Por considerar que a implantación no Concello de Xove de dita iniciativa Rede 060 suporá unha evidente mellora na oferta de servizos públicos ós veciños xa que estes poderán realizar xestións ou recibir información de calquera das tres administracións públicas involucradas ( Estatal, Autonómica e Local ).

Pola presente propono que o Concello Pleno adopte acordo polo que se adopte a decisión do Concello de Xove de solicita-la adhesión o Convenio Marco de colaboración formalizado entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación do programa Rede 060 no seu Nivel 1 ( Oficina de Contacto ) facultando expresamente ó Sr. Alcalde Presidente D. José Demetrio Salgueiro Rapa para adopción dos acordos e formalización e sinatura dos documentos necesarios ( entre eles o Protocolo de Adhesión que figura como Anexo o Convenio) para a execución do presente acordo.”

Polo Sr. Alcalde explicase sucintamente en que consiste o proxecto REDE060, e os beneficios que dito programa van supoñer para tódolos veciños de Xove.

Polos Sres. Pernas Rodríguez, Ben Fernández e Fernández Bouza manifestase que están de acordo coa adhesión do Concello ó convenio do epígrafe.

Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

### **3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A TARIFA ELÉCTRICA SOCIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Fernández Bouza, procédese a dar lectura íntegra da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.

#### **MOCIÓN DO BNG SOBRE A TARIFA ELÉCTRICA SOCIAL**

A aprobación durante a Goberno de José María Aznar da lei 54/1997, de regulación do sector eléctrico, supón un decisivo paso no Estado Español para liberalizar a súa concesión e a súa planificación por parte do Estado. Esta lei recolleu precisamente a futura desaparición das tarifas eléctricas. Estamos pois diante dun problema regulatorio creado pola actuación do PP, mais continuado pola política desenvolvida polo PSOE, derivada da nova lei do sector eléctrico aprobada en xullo do 2007, e derivada tamén da nula disposición en atender ás demandas de diferentes organizacións políticas e colectivos sociais á hora de negociar os cambios tarifarios.

A Xunta de Galiza, a instancia da Consellería de Innovación e Industria foi a primeira comunidade autónoma en solicitar formalmente ao Ministerio de Industria que non elimine a actual tarifa eléctrica nocturna, que desaparecerá o próximo 1 de xullo para ser substituída por outra de discriminación horaria. Esta última penaliza un 32% máis o consumo en horas punta e rebaixa un 8% menos o prezo das horas denominadas “val”, que pasan de 8 a 14 co novo modelo. É factíbel perpetuar a actual tarifa nocturna no marco da desaparición das tarifas eléctricas. Para iso, habería que incluíla entre as tarifas denominadas de último recurso, con prezos máximos fixados polo Estado para que poidan cobrar os comercializadores que asumen a subministración de baixa tensión. Polo tanto, débense centrar os esforzos en tentar garantir unha tarifa en condicións similares á nocturna.

*O Goberno do Estado ven de anunciar unha nova tarifa onde o prezo da electricidade será progresivo, isto é, a maior consumo, maior prezo unitario da electricidade. Debido ás condicións específicas de uso da electricidade nas explotacións gandeiras en Galiza, onde a mesma tarifa e contador teñen un uso tanto persoal como industrial, esta tarifa penalizaría a ditas explotacións, polo que se fai necesario demandar medidas tarifarias específicas para este sector.*

*Por último, cómpre mudar a actual situación, pola cal as empresas eléctricas cobran o imposto sobre a electricidade a consumidores e consumidoras nos casos onde non existe consumo eléctrico. Ademais, é preciso coñecer e informar sobre a configuración das novas tarifas eléctricas a partir do próximo 1 de xaneiro.*

*Consecuentemente, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*1. Instar á Administración do Estado:*

*a. A que clarifique e informe como van ser as novas tarifas eléctricas a partir do próximo 1 de xaneiro de 2009.*

*b. Ao mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.*

*c. A introducir na nova regulación eléctrica medidas que favorezan ao sector agrogandeiro e axuden ao desenvolvemento rural, sobre todo no que afecta as explotacións gandeiras familiares con contador único.*

*d. A exixir das compañías eléctricas que rematen coa práctica de cobrar o imposto sobre a electricidade a aqueles consumidores e consumidoras nos casos nos que non existe consumo eléctrico*

*2. Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza para o seu traslado ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.”*

Aberto o debate, polo Sr. Fernández Bouza explicase sucintamente o contido da moción do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde manifestase que a pesar de non estar de acordo con algunha das manifestacións contidas na parte expositiva da moción, o Grupo de Goberno vai votar favorablemente, por considerar que se está a producir un abuso cos consumidores, engadindo que tamén é necesario crítica-la escasa e confusa información que sobre este tema está a ofrecer o Goberno Central.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o grupo de AVEXO tamén vai votar a favor da aprobación da moción, por considerar que a nova regulación das tarifas eléctricas é totalmente prexudicial para os consumidores.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que a pesar de que considera a moción transcrita, unha mera declaración de intencións, vai votar a favor da aprobación da mesma.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la moción anteriormente transcrita.

#### **4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O DECRETO DE BACHALLERATO. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Fernández Bouza, procédese a dar lectura íntegra da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

*“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.*

#### **MOCIÓN SOBRE O DECRETO DE BACHARELATO**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A implantación en Galiza dos distintos currículos das ensinanzas non universitarias en aplicación da LOE (Lei Orgánica de Educación) están producindo graves problemas á hora de establecer un ensino equilibrado e adaptado á realidade galega que promova a formación integral do alumnado.*

*A LOE e a posterior normativa ditada polo Goberno central, ao igual que o fixeron as anteriores leis da etapa do PP, imponen un sistema educativo centralizador que fixa unha elevada porcentaxe de contidos mínimos, novas áreas do currículo e o ensino da relixión dentro do horario lectivo e con valor académico. Todas estas cuestións impiden avanzar cara a un ensino laico; que Galiza poida exercer as competencias propias, e que o sistema educativo e o currículo se axeite á nosa realidade e ás necesidades do alumnado galego.*

*No que respecta ao bacharelato a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria elaborou un decreto sobre o currículo desta etapa educativa que supón a redución do horario lectivo en dúas áreas fundamentais, a ‘Filosofía’ (que pasa de tres a dúas horas) e tamén unha hora menos para ‘Historia’ (de catro a tres horas).*

*As áreas obxecto de redución implican consecuencias negativas moi importantes na formación do alumnado. Logo de diferentes mobilizacións e negociacións a Consellaría de Educación decidiu manter a carga horaria de ‘Educación Física’ (2 horas) e a redución prevista en ‘Filosofía’ e ‘Historia’, en ambos os dous casos, dunha hora.*

*A redución na área de ‘Filosofía’, considerando que se incrementan os contidos a impartir (Cidadanía), e en ‘Historia’ vai impedir que os contidos poidan ser impartidos desde unha perspectiva propia galega, o que se traduce en que os currículos das materias impartidas en Galiza se van reducir exclusivamente aos mínimos marcados a nivel de Estado. Esas reducións están directamente relacionadas coa dificultade do punto de vista legal de excluír a ‘Relixión’ do currículo, exclusión que, ademais de ser coherente cun estado aconfesional, permitiría manter a carga lectiva de materias básicas como ‘Filosofía’ e ‘Historia’.*

*Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*1º Instar á administración educativa do Goberno central a que nas leis educativas e demais normativa que as desenvolve respecte as competencias educativas propias de Galiza de xeito que permita o establecemento de currículos equilibrados e adaptados á realidade galega.*

*2º Instar ás administracións educativas central e galega a avanzar cara un ensino laico no que a materia de ‘Relixión’ non forme parte do currículo, garantindo así a actual carga horaria das materias básicas como ‘Filosofía’ e ‘Historia’.”*

Aberto debate, o Sr. Fernández Bouza explica sucintamente o contido da moción transcrita, polo Sr. Alcalde manifestase que o tema da liberdade relixiosa é unha cuestión estritamente persoal, sinalando que de tódolos xeitos, á vista do que está sucedendo, ten a impresión de que a nova

asignatura de educación para a cidadanía, é un intento moito mais descarado de adoutrinamento e manipulación dos alumnos do que poida derivarse da opción voluntaria por estudar a asignatura de Relixión.

Sinala igualmente o Sr. Alcalde que o sistema educativo español ten problemas bastante mais graves dos que ocuparse, como pode ser a continua rebaixa do nivel de calidade do ensino, que está provocando un descenso do nivel cultural medio dos alumnos, tal e como se reflicte nas enquisas e informes recentemente elaborados.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que estamos ante a típica moción do BNG, ambigua e cun contido claramente ideolóxico, engadindo o Sr. Pernas Rodríguez que o estudio da relixión, ou da historia da relixión ten un compoñente cultural que non é posible rexeitar.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de absterse.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que defende-la ensinanza da relixión é unha postura tan ideolóxica como a defensa da laicidade do Estado, coa diferenza que a condición laica do Estado ven recollida na Constitución do Estado.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza sinalando que non está de acordo en absoluto coa manifestación do Sr. Alcalde de que os alumnos cada vez teñen menos nivel cultural, como probablemente tampouco esté de acordo coa definición ou concepto de cultura que poida ter.

Rematado o debate, a corporación, cos votos dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, Meitin Guerreiro, González Álvarez, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage, acorda rexeita-la aprobación anteriormente transcrita.

O Sr. Ben Fernández, abstívose e o Sr. Fernández Bouza votou a favor da aprobación.

## **5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DIRECTIVA EUROPEA SOBRE TEMPO DE TRABALLO. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Fernández Bouza, procédese a dar lectura íntegra da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

*“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.*

### ***MOCIÓN SOBRE A DIRECTIVA DO TEMPO DE TRABALLO NA UNIÓN EUROPEA***

#### ***Exposición de Motivos***

*O pasado 9 de xuño en Luxemburgo, os ministros e ministras de Traballo dos 27 Estados da Unión Europea aprobaron, por maioría cualificada, a proposta de modificación da Directiva Europea sobre Tempo de Traballo.*

*Entre as modificacións previstas está a de incrementar a xornada laboral semanal, superando as 48 horas actuais, que poderá chegar até as 60 horas semanais e, no caso dos traballos con gardas, até as 65 horas. Estas xornadas poderán facerse en cálculo trimestral, co cal as horas semanais aínda poderán ser máis, xa que o único requisito para este incremento de xornada é un acordo individual entre a empresa e o traballador ou a traballadora.*

*Esta proposta do Consello de ministros e ministras de Traballo da UE chega logo de catro anos de debates e seis intentos frustrados, e racha con toda unha traxectoria, moi anterior á creación da UE, de redución das xornadas laborais.*

*Claro que tamén debemos destacar o apoio decidido do PSOE a esta modificación, co significativo abandono no transcurso da reunión onde se acordou do ministro español de*

*Traballo, e a abstención na votación da delegación do Goberno español, que resulta aínda máis grave.*

*A loita pola minoración da xornada é unha constante da historia do movemento obreiro. A finais do século XVIII e comezos do XIX, os traballadores e traballadoras facían xornadas de até 16 horas diarias, dando lugar ao “Movemento polas dez horas” que, logo de anos de protesta, consegue as dez horas laborais, aprobada polo Parlamento inglés en 1847, cumpríndose inicialmente só para homes menores de dezoito anos e mulleres de calquera idade; posteriormente, en 1874, xeneralizouse a todos os traballadores e traballadoras o límite máximo de 10 horas ao día. E agora a xornada proposta polos ministros e ministras da UE vólvenos a aquela data do ano 1847.*

*A primeira regulación que abarcou unicamente á duración da xornada laboral foi na Conferencia Xeral da Organización Internacional do Traballo (OIT), hai 91 anos, na que se acordou unha xornada de 8 horas ao día e 48 horas á semana. E en 1983, aprobouse no Estado Español, que a xornada máxima sería de 40 horas semanais.*

*Para o BNG, esta proposta dos ministros e ministras de Traballo da UE, é o maior retroceso social dos últimos anos e vai no camiño contrario dos logros que, logo de moitos anos de loita sindical, dábanse por consolidados.*

*Cada vez máis a desregularización do mercado laboral, dende normativas ou sentenzas europeas, incide negativamente nas conquistas sociais dos traballadores e das traballadoras galegas.*

*E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

- 1. Rexeitar a proposta de modificación da Directiva sobre Tempo de Traballo realizada, o pasado 9 de xuño, pola maioría cualificada de ministros e ministras de Traballo da Unión Europea.*
- 2. Trasladar este acordo á Presidencia do Goberno do Estado, á Presidencia do Parlamento Europeo e a todos os Grupos Parlamentares que conforman a Cámara Europea.*
- 3. Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno Central demandándolle que manteña en todas as reunións oficiais que se celebren sobre esta problemática unha posición claramente contraria a modificación desta Directiva.”*

Aberto o debate, polo Sr. Fernández Bouza explicase sucintamente o contido da moción anteriormente transcrita.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación desta moción, por considerar que a xornada laboral de 40 horas semanais é un dereito dos traballadores que é necesario defender, engadindo que de feito, o grupo de goberno tiña preparada unha moción similar para ser debatida nos plenos municipais de tódolos concellos de Galicia.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo vai votar a favor, engadindo que non é razoable que nun pleno municipal se estean debatendo sistematicamente cuestións que non teñen moito sentido ser debatidas neste foro, como é o caso da maior parte das mocións que ultimamente está a presentar o BNG.

Polo Sr. Alcalde manifesta que en principio está de acordo co sinalado co Sr. Pernas Rodríguez, lembrando que nunha sesión recente, o propio Concelleiro do BNG criticou a presentación por parte do grupo de Goberno dunha moción relativa á vía de alta capacidade e á autovía do

Cantábrico, por considerar que unha sesión plenaria non era o foro adecuado para debater esa clase de temas.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que é necesario salientar que o PP e AVEXO límitanse a sinalar que un pleno municipal non é o foro axeitado para tratar de un tema que afecta ou pode afectar no futuro a toda a clase traballadora, co agravante de que cando este tema se trata no foro correspondente, como é o Parlamento Europeo, o representante do Goberno Español na súa condición de Ministro de Traballo, limitouse a abandoa-la reunión e o resto da delegación abstívose na votación, e pola súa banda o partido popular co seu voto favorable á rectificación do tratado de Lisboa, foi quen abriu as portas ó continuo aumento da precarización do emprego.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que non ten moita lóxica que nos plenos do Concello de Xove, se comece a debater non só a política nacional, senón que se empece tamén a debater acordos ou directivas comunitarias, non obstante, o Sr. Ben Fernández quere deixar claro que o PSOE ten demostrado abondo que non está de acordo co aumento do tempo de traballo, e igualmente é necesario recordar que foi precisamente o PSOE o que no ano 1983 rebaixou a xornada de traballo de 48 horas á semana ás actuais 40 horas.

Rematado o debate, a corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou aproba-la moción anteriormente transcrita.

*Fora da Orde do Día da sesión o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión que representan a maioría absoluta do seu número legal de membros ó abeiro do disposto no art. 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:*

#### **6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, INTERESANDO A COMPENSACIÓN OS CONCELLOS CON CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS E PARQUES EÓLICOS POLA REDUCCIÓN DO IBI. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Fernández Bouza, procédese a dar lectura íntegra da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

*“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno da Corporación.*

#### ***MOCIÓN PARA COMPENSAR ÓS CONCELLOS CON CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS E PARQUES EÓLICOS POLA REDUCCIÓN DO IBI.***

##### ***Exposición de motivos:***

*O Real Decreto 1464/2007, polo cal se aproban as normas técnicas de valoración catastral establece tanto as normas específicas de valoración como os coeficientes correctores, diferenciados que deberán ter en conta os concellos para fixar o Imposto sobre Bens Inmóbeis (IBI), sobre os Bens inmóbeis de Características Especiais (BICES), tais como centrais hidroeléctricas, parques eólicos, estradas, autoestradas, etc. A nova normativa tamén atribúe ao catastro a exclusividade para levar a cabo ponencias de valores, tomando como único criterio o método de valoración do citado Real Decreto que recolle os módulos contemplados nos anexos para cada una das clases de bens inmóbeis de características especiais.*

*Esta nova lexislación afectou negativamente a boa parte dos concellos galegos con centrais hidroeléctricas, grandes encoros e presas, xa que os valores catastrais deste tipo de bens e instalacións teñen reducido cos novos criterios de valoración, os ingresados e non consolidados*

*no ano 2007 e anteriores. Desta forma, a recadación por IBI, unha das principais fontes de ingresos das arcas municipais, xa de por sí deficitarias, ten diminuído considerablemente.*

*Por outra banda, o citado Real Decreto non ten en conta a sentenza do Tribunal Supremo do ano pasado, pola que se estimou a reclamación da FEGAMP. Esta sentenza establece, a efectos do IBI a consideración como Bens Inmobeis de Características Especiais dos parques eólicos en réxime especial. Poren, ao non estar incluído o contido da sentenza no Real Decreto, moitos municipios enfróntanse ao problema de que o catastro non realiza a correspondente valoración sobre estes novos BICES.*

*E por isto que o Grupo Municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorable do Pleno da Corporación Municipal para a adopción do seguinte:*

#### **ACORDO:**

*Instar á Xunta de Galicia a que se dirixa o Goberno do Estado para demandarlle:*

*1.- Compensar economicamente a los ayuntamientos gallegos que, debido a la aplicación del Real Decreto 1464/2007, vean reducida la recaudación del IBI debido a la minoración en la valoración de sus bienes inmuebles de características especiales, habilitando a tal efecto las partidas necesarias en los Presupuestos Generales del Estado para los próximos años.*

*2º) Modificar el Real Decreto 1464/2007 de modo que se incluya el contenido de la sentencia del Tribunal Supremo de 30 de mayo de 2007 sobre la consideración fiscal de los bienes destinados a la producción de energía eléctrica en régimen especial, como son los parques eólicos.”*

*1.- Compensar economicamente aos concellos galegos que, debido á aplicación do Real Decreto 1464/2007, vexan reducida a recadación do IBI debido á minoración na valoración dos seus bens inmobeis de características especiais, habilitando a tal efecto as partidas necesarias nos Orzamentos Xerais do Estado para os vindeiros anos.*

*2º) Modificar o Real Decreto 1464/2007 de xeito que se inclúa o contido da sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007 sobre a consideración fiscal dos bens destinados á produción de enerxía eléctrica en réxime especial, como son os parques eólicos.”*

Polo Sr. Fernández explicase sucintamente o contido da moción.

Polo Sr. Alcalde manifestase que está absolutamente de acordo co contido da moción, engadindo que sería necesario non reducir o asunto as centrais hidroeléctricas e parques eólicos, senón que sería necesario amplía-la moción a tódolos B.I.C.E.S porque precisamente o tema mais grave é que afecta directamente ó Concello de Xove e o tratamento tributario que a nova lexislación outorga ó porto de Alcoa.

Respecto deste tema, polo Sr. Alcalde manifestase que nun principio, coa rebaixa tan enorme do valor catastral de dito porto, o Concello de Xove a pesar de subir o seu índice do 0,4 ó 1,3 sufría unha perda de case 130.000€ anuais, como consecuencia da presión efectuada polo Concello de Xove e de Cervo a través da FEGAMP, ditas perdas minimizáronse significativamente e na actualidade o novo sistema de valoración dos B.I.C.E.S. no que afecta ó porto de Alcoa, vai supoñer unha diminución de ingresos ó Concello de Xove duns 20.000 €ó ano.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la moción anteriormente transcrita.



## **ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Secretario Municipal, dáse conta á Corporación da incorporación no expediente dun escrito de rogos e preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data 8 de xullo de 2008 (Rexistro de entrada 2297) que a seguir se transcribe integramente.

### **ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.**

*“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove presenta os seguintes Rogos e Preguntas para o próximo Pleno Ordinario do mes de Xullo.*

#### **ROGOS:**

*1. No último pleno, foi aceptada por unanimidade a aprobación inicial do PXOM. O BNG manifestou o desexo de que o Goberno Local fixera un despregue de medios para dar toda a información e o asesoramento precisos, promovendo así o dialogo cos veciños.*

*Polo que estamos vendo, o equipo de goberno límtase a colgar na páxina web do concello o pxom. Isto parécenos claramente insuficiente, e até pensamos que están esperando a que pase o prazo de alegacións canto antes sen facer máis nada.*

*Por todo o exposto solicitamos:*

*Que fagan reunións informativas en tódalas parroquias, pois consideramos que un plan de ordenación municipal non se fai para dous días e, ademais, é de interese xeral.*

*2. Dende sempre, o BNG considerou o voceiro municipal “XOVE” un panfleto electoralista e partidista ó servizo do equipo de goberno de turno. É utilizado para visibiliza-lo partido que goberna, e para acala-la voz da oposición, xa que non pode participar nel, cousa que nós denunciámos repetidamente. Por isto solicitamos:*

*A participación no voceiro municipal de tódolos Grupos con representación a través dun espazo no mesmo, onde poidan opinar e informar ós veciños de xeito democrático.*

#### **PREGUNTAS:**

*1. A Orquestra de cámara de Xove naceu cando comezou a andar a Escola de Música. Vai xa para 22 anos, e o BNG considera que foi a mellor inversión cultural que se fixo durante este tempo. Á vista están os resultados obtidos. A escola e a orquestra non só se complementaron, senón que conformaban un gran proxecto que acadou para o concello un nivel cultural-musical tan alto que ninguén podía imaxinalo.*

*Os cartos invertidos na música deron un produto único e moi rendible, pois temos mestres, profesores e grandes promesas que a día de hoxe seguen mellorando.*

*Comezaron en Xove fai 22 anos coa axuda deste Concello, e constitúen un grande orgullo para todo o Pobo.*

*a) Que pensan face-los gobernantes locais pola Orquestra de Cámara de Xove para que este logro de todo o Pobo continúe presente e mellorando?*

*b) Vai crea-lo concello a Escola Municipal de Música? E, se é así, terán en conta nas bases para a selección dos mestres os éxitos acadados por estes, garantindo que sexan os mellores para Xove?*

*2. Que foi da propaganda das vivendas VPA en Palmeiro prometidas dende o Concello? E certo que, cando se fixo pública a información, aínda non foran calificadas por vivenda, que fixo o Goberno Local dende aquela data?*

*3. O BNG ve unha inversión razoábel a remodelación e acondicionamento da antiga casa da oficina agraria, mais parécenos un derroche convertela nunha oficina de turismo. Non é real a*

*necesidade doutro local máis para este servizo, xa que se pode dar perfectamente dende o concello e co mesmo persoal. Nó entanto, si é moi preciso que o equipo de goberno traballe para que o noso concello teña atractivo turístico de xeito que se cree a necesidade desta oficina que, a día de hoxe, sobra.*

*Pensan vostedes que os turistas van a vir a Xove por poñer dúas persoas detrais dun mostrado?, considera o Equipo de Goberno que é necesaria en Xove unha oficina de turismo?, canto nos vai custar?, que outros xeitos de promocionar Xove pensan poñer en marcha?*

*4. Na última modificación de crédito, destinouse unha importante suma para arranxo de pistas, absténdose o BNG por considerar que, quen desfai as pistas debe contribuír á súa conservación e reparación, que fixo o Goberno Local a respecto desto?"*

Polo Sr. Alcalde-Presidente, pónse en coñecemento da Corporación que obra no expediente da sesión, as contestacións por escrito dos Rogos e Preguntas formulados polo Grupo Municipal do BNG , que a seguir se transcriben:

***CONTESTACIÓNS ÁS PREGUNTAS E ROGOS FORMULADAS POR ESCRITO POLO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. ( REXISTRO DE ENTRADA Nº: 2297 DE 08/07/2008 ) PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORPORATIVO DE DATA 14 DE XULLO DE 2008.***

#### **ROGOS:**

1º.- Ademais dos anuncios esixidos pola Lei ( Diario Oficial de Galicia, Taboleiro Municipal de Anuncios , El Progreso e La Voz de Galicia ) a aprobación inicial do PXOM e a apertura do trámite de información pública e do prazo de dous meses para presentar alegacións anunciouse a maiores no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello e en Bandos de Alcaldía colocados nos lugares habituais de todo o termino municipal.

Unha vez publicado o último anuncio no Diario Oficial de Galicia nº: 131 do pasado 8 de xullo e na súa consecuencia iniciado formalmente o trámite de información pública e do prazo de dous meses para presentar alegacións tódolos veciños ou calquera outra persoa interesada poderá consulta-lo PXOM e recaba-la información que estime convinte do Arquitecto Técnico e do Secretario Municipal de luns a venres entre as 11 e as 14 horas nas dependencias da Oficina Técnica Municipal.

A maiores está prevista a celebración no Salón de Actos do Centro Cívico de dúas presentacións do PXOM por parte do técnicos do equipo redactor.

En ditas presentacións se procederá a explica-lo contido do PXOM e as consecuencias prácticas da súa aplicación.

A primeira presentación o 22 de xullo ás 20 horas adicarase a explica-lo contido do PXOM no que afecta ó solo clasificado como Urbano ( Consolidado e Non consolidado ) e Urbanizable localizado na Vila de Xove e na Urbanización Palmeiro.

A segunda presentación o 23 de xullo ás 20 horas adicarase a explica-lo contido do PXOM no que afecta ó resto de clases de solo ( urbanizable, rústico ordinario e de protección, solo de núcleos rural, industrial, etc... )

Igualmente por esta Alcaldía e polo personal da Oficina Técnica Municipal ten elaborado o seguinte programa de visitas por Parroquias ós efectos de manter reunións informativas sobre o PXOM cos veciños.

<b>PARROQUIAS</b>	<b>DÍA</b>	<b>LUGAR</b>	<b>HORA</b>
RIGUEIRA, MONTE	28 de Xullo	ESCOLA DAS GULPILLEIRAS	20:00 h
XUANCES	29 de Xullo	CENTRO SOCIAL DA VARA	20:00 h.
PORTOCELO	30 de Xullo	CENTRO SOCIAL DE VILACHÁ	20:00 h.
LAGO, MORÁS E SUMOAS	31 de Xullo	CENTRO SOCIAL DE LAGO	20:00 h.

As presentacións no Salón de Actos e o programa de visitas por parroquias anteriormente citados serán comunicados mediante carta a tódolos veciños do Concello con expresión de lugar, data e hora de celebración.

Loxicamente está programación somentes poido facerse unha vez coñecida a data de publicación do último anuncio oficial, publicación que reitero tivo lugar o martes da semana pasada día 8 de xullo.

2º.- O Boletín, en opinión do Grupo de Goberno, debe ter un contido exclusivamente informativo co obxectivo de acerca-la administración municipal a totalidade dos veciños e non consideramos axeitado converti-lo nun foro de debate político.

#### **PREGUNTAS:**

**1ª.-** É certo que a Escola de Música e a Orquesta de Cámara levan funcionando máis de 20 anos pero tamén é certo como sabe ou debería saber o Sr. Bouza, que tanto a Escola como a Orquesta na que o Concello gasta cada ano máis de 80.000'00 €nunca tivo a máis mínima regulamentación de xeito que estiveron funcionando como organismos paralelos cunha falla de control a tódolos niveis practicamente absoluta.

De feito cando o actual equipo de goberno comezou a exercer-las súas funcións atopouse cunha situación caótica xa que era practicamente imposible coñecer algúns datos tan básicos como o nome e número de alumnos da Escola; o nome, número e retribucións dos profesores da Escola, o horario de clases; os criterios de determinación da contía das axudas e becas, o nome e número de membros da Orquesta e a súa relación coa Escola, as retribucións e dietas percibidas, o programa de actuacións e gravacións, etc.

A situación formal e legal tanto da Escola coma da Orquesta era tan absurda que non se podía acceder ás líneas de subvencións e axudas que cada ano aprobaban as Consellerías de Educación e Cultura porque formal e legalmente nin a escola nin a orquesta eran nin son na actualidade, de titularidade municipal.

Dito esto o Grupo de Goberno considera absolutamente necesario, por esixencia legal xa que estamos a falar da xestión de fondos públicos, proceder á regularizalo funcionamento destes servizos.

Respecto da Escola de Música, con independencia de adopta-la formula legal que sexa máis axeitada o grupo de goberno considera necesario non so mante-la escola senón potenciala e a tal efecto resulta imprescindible a elaboración dun regulamento de funcionamento da mesma que será debatido e sometido ó coñecemento e aprobación do Concello Pleno.

Respecto da Orquesta de Cámara, da que por certo somentes forman parte dous ou tres veciños de Xove, é necesario esperar o resultado das reunións que estanse a manter con outros Concellos e coa Deputación Provincial co obxectivo de crear unha fundación de ámbito comarcal.

No suposto da creación dunha Escola de titularidade municipal a selección de persoal realizarase cumprindo rigorosamente coa lexislación de aplicación téndose en conta na fase de concurso os méritos que acrediten tódolos aspirantes, é máis este grupo de goberno asume o compromiso de crear unha Comisión de Seguimento do proceso de selección de persoal na que esten representados tódolos grupos municipais.

2ª.- O Concello de Xove a petición da promotora Helmancasa e tendo en conta a opinión favorable da Consellería de Vivenda á construción de VPA, colaborou con dita iniciativa ponendo ó dispor da promotora un local os luns pola mañá ós efectos de realiza-los traballos de sondaxe necesarios para coñece-la demanda real deste tipo de vivenda.

As últimas noticias sobre este tema comunicadas pola promotora e que en datas próximas oficializarase a promoción de VPA en Palmeiro en dúas fases de vinte vivendas cada unha.

Respecto deste tema das vivendas de promoción pública é necesario lembrar que o Concello de Xove ten cedido á Consellería de Vivenda unha parcela en Palmeiro para a construción de 100 vivendas de promoción pública e que tras varias conversas co Delegado a resposta segue a ser que ese tema estase a estudar.

3ª.- Este grupo de goberno considera que as obras de acondicionamento dun edificio en pleno centro da Vila en un estado de abandono lamentable de ningún modo poden ser consideradas un derroche.

A instalación nese edificio dunha Oficina de Turismo ( Xove era o único Concello de A Mariña que carecía dese servizo ) que permanecerá aberta os meses de xullo e agosto, a instalación dunha sala polivalente para exposicións de todo tipo e a instalación dunhas Oficinas para a prestación de servizos puntuais dependentes da Delegación Municipal de Agricultura, Gandería e Montes xustifican plenamente a inversión realizada de 23.414'10 € (Obras 17.663'50 € e Mobiliario 5.750'60 €).

Respecto da cuestión do persoal, compre sinalar:

- a) Que nos meses de xullo e agosto collen vacacións a maior parte da plantilla municipal.
- b) Que a Oficina de Turismo abrirá durante os meses de xullo e agosto mañá e tarde, sábados, domingos e festivos incluídos.
- c) Este grupo de goberno considera que dita Oficina debe ser atendida por persoal cunha adicación e preparación específica na atención dunha oficina de información.
- d) O custo de persoal que atenderá a Oficina de Turismo calculase nun total de 5.157'41 € (Salarios e Seguridade Social incluída ).

Este grupo de goberno considera que evidentemente a creación dunha Oficina de Turismo, con ser necesaria, non é a única medida para potencia-lo desenvolvemento turístico de Xove e a esta actuación hai que engadir outras medidas, algunhas xa en marcha como é a confección e contido da páxina web municipal, a participación conxuntamente co resto de Concellos da Mariña en feiras sectoriais como FITUR, e outras en avanzado estado de elaboración como poden se-la creación ou potenciación de rutas de sendeirismo ( ruta dos muíños, de Pau da Vella, Ruta verde do litoral Portocelo – Faro ) acondicionamento e mellora das praias, acondicionamento do acceso e mellora do entorno do Faro de Punta Roncadoiro,etc..

4ª.- Como xa se contestou nunha sesión plenaria anterior as pistas as que ian destinados os fondos integrantes da última modificación de crédito eran aquelas pistas que resultaron gravemente dañadas polas riadas do pasado meses de abril e maio forestais.

Reiteramos a nosa opinión de que os maderistas deben contribuír ó arranxo daquelas pistas cujos desperfectos foron provocados pola súa actividade e respecto deste tema o seguimento desde as Delegacións de Montes e Obras é continuo e de feito os maderistas están cumprindo coas ordes de execución de arranxo de pistas comunicadas polos Concello.

A maiores compre dicir que proximamente formalizarase un Convenio coa Asociación de Maderistas, co visto e prace do Delegado da Consellería de Medio Rural, que será pioneiro en Galicia e que regularizara as obrigas e dereitos de ámbalas dúas partes ( Concello e Maderistas ) en orden a garanti-la correcta conservación e mantemento das pistas forestais.

Polo Sr. Pernas Rodríguez pregúntase ó Sr. Alcalde se non é posible eliminar ou minimizar os graves inconvenientes e molestias que están a sufrir os usuarios da praia de Esteiro como consecuencia das obras que es están e executar no seu entorno, precisamente en plena época estival.

Polo Sr. Alcalde respóndese que certamente é un tema moi grave, pero que o Concello, por tratarase dunha obra que está a executar o Servizo Provincial de Costas, na zona de dominio público marítimo terrestre, pouca cousa pode facer, a parte de insistir ante dito servizo para que as obras se axilicen o mais posible, e pedir disculpas ós usuarios dunha das praias mais emblemáticas do noso Concello polas evidentes molestias que ditas obras están ocasionando.

Polo Sr. Fernández Bouza pregunta ó Sr. Alcalde se ten coñecemento de que a empresa URBASER está recollendo o lixo orgánico nalgunhas zoas do Concello, somentes unha vez por semana, incumprindo deste xeito o contrato de concesión.

Polo Sr. Alcalde contestase que efectivamente houbo certas irregularidades no sistema de recollida de lixo, e que o Grupo de Goberno está a facer un rigoroso control da prestación do servizo de xeito que ditas irregularidades non se volvan a producir.

Polo Sr. Fernández Bouza preguntase ó Sr. Alcalde se o Concello está subvencionando algunha praza de residente no Xeriatrico da Fundación San Rosendo.

Polo Sr. Alcalde contestase que non, que o único que está a facer o Grupo de Goberno é garantir que ningún veciño de Xove, que sexa residente pague mais do importe da súa pensión tal e como se recolle no prego de condicións.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas quince minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo